



PROCEDIMENTO ORDINARIO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

CURSO 2015/2016

De acordo co establecido no artigo 13 da Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013), facilítase ao alumnado e ás familias a seguinte información:

1. Normativa reguladora do procedemento de admisión.

- O procedemento de admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos está regulado polo Decreto 254/2012 do 13 de decembro (DOG 26/12/2012) e pola Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013).

2. Número de postos escolares vacantes.

- O número de postos escolares vacantes é o que se detalla no documento exposto no taboleiro de anuncios do centro.

3. Prazo de presentación das solicitudes de admisión.

- Reserva de praza no centro de adscrición:
 - do 1 ao 15 de febreiro
- Presentación da solicitude de admisión:
 - do **1 ao 20 de marzo**

4. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

5. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

6. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

7. O prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso, será do 1 ao 20 de marzo.



8. Calendario que inclúa a data de publicación das listaxes do alumnado admitido e non admitido e os prazos para formular reclamación.

- Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas:
 - día 15 de abril
- Prazo de reclamación contra a non admisión
 - ata o día 20 de abril
- Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas
 - día 30 de abril

9. Prazo para formalizar a matrícula.

- Educación Infantil e Educación Primaria:
 - dende o 20 ata o 30 de xuño
- Educación Secundaria Obrigatoria:
 - dende o 25 de xuño ao 10 de xullo
 - dende o 1 ao 10 de setembro

10. Centros que ten adscritos.

- EEI de Tállara

11. Área de influencia do centro.

- Educación Infantil.
 - Lugares de Vilardante e Vilafabeiro, do Concello de Noia, e todas as parroquias de Lousame, excepto a de San Xoán de Camboño e os lugares de Carantoña, Abeixón, Pousada, Vilar, San Roquiño, Sanguinal, Figueroa, Marracín de Abaixo e Marracín de Arriba.
- Educación Primaria.
 - Lugares de Vilardante e Vilafabeiro, do Concello de Noia, e todas as parroquias de Lousame, excepto a de San Xoán de Camboño.
- Educación Secundaria Obrigatoria.
 - Lugares de Vilardante e Vilafabeiro, do Concello de Noia, e todas as parroquias de Lousame, excepto a de San Xoán de Camboño.

12. Servizos complementarios que ofrece o centro

- Transporte escolar.
- Comedor escolar. Regulado polo Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro.